



ACCIDENTES DE TRABAJO

Que é un accidente de traballo?

O artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 do outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, define o accidente de traballo coma *toda lesión corporal que o/a traballador/a sufra con ocasión ou por consecuencia do traballo*.

Igualmente terán a consideración de accidentes de traballo:

- a) os que sufra o/a traballador/a ao ir ou volver do lugar de traballo
- b) os que sufra o/a traballador/a con ocasión ou como consecuencia do desempeño de cargos electivos de carácter sindical, así como os acontecidos o ir e o volver do lugar no que se exerzan as funcións propias dos ditos cargos.
- c) os acontecidos con ocasión ou por consecuencia das tarefas que, aínda sendo distintas das da súa categoría profesional, execute o/a traballador/a en cumprimento das ordes do empresario ou espontaneamente en interese do bo funcionamento da empresa.
- d) os acontecidos en actos de salvamento e en outros de natureza análoga, cando un e outros teñan conexión co traballo.
- e) as enfermidades, non incluídas no artigo 157, que adquira o/a traballador/a con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo por causa exclusiva a execución do mesmo.
- f) as enfermidades ou defectos, padecidos con anterioridade polo/a traballador/a, que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.
- g) as consecuencias do accidente que resulten modificadas na súa natureza, duración, gravidade ou terminación, por enfermidades intercurrentes, que constitúan complicacións derivadas do proceso patolóxico determinado polo accidente mesmo ou teñan na súa orixe en afeccións adquiridas no novo medio en que se situara ao paciente para a súa curación.

Presumirase, agás proba en contra, que son constitutivas de accidente de traballo as lesións que sufra o traballador durante o tempo e no lugar do traballo.

* [RDL8/2015 TRLGSS](#)

Que teño que facer en caso de accidente de traballo?

***Talón de asistencia**

Mutua Galega AT e EP

No caso de que lle corresponda a Mutua Galega de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais deberá solicitar o talón de asistencia no mesmo centro de traballo ou ao departamento de persoal do Servizo de Recursos Humanos da Xefatura Territorial da Consellería de Educación correspondente, para presentalo no centro asistencial, que pode consultar aquí:

*[Talón asistencia médica](#)



Se está asociado/a a outra mutualidade debe dirixirse co talón/ tarxeta aos centros establecidos no cadro médico que lle corresponda.

MUFACE

Como organismo encargado da xestión do réxime especial da seguridade social dos funcionarios civís do estado, ten a obriga de proporcionar, como mínimo a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde aos seus mutualistas e beneficiarios, con todas as súas especialidades, sen necesidade de copagos ou fórmulas de aseguramento complementario.

A prestación da asistencia sanitaria se proporciona, ben polos servizos públicos de saúde ou ben por calquera das entidades de seguro concertadas.

O concerto de MUFACE impón a estas entidades a obriga de poñer a disposición do colectivo todos os medios asistenciais precisos para cumprir cos seus cometidos.

Máis información da asistencia sanitaria de *MUFACE*:

http://www.muface.es/content/asistencia_sanitaria_nacional

<http://www.muface.es/content/atencion-de-urxencia>

<http://www.muface.es/content/atencion-especializada>

De non coñecer a mutualidade á que está asociado/a, poderá informarse no órgano de persoal correspondente.

***Rede de centros**

MUTUA Galega de AT e EP

1. Nos *casos de urxencia vital*, accidentes graves ou moi graves chame a liña asistencial proporcionada pola Mutua Galega de 24 horas é o teléfono 900 825 525. Pasada a urxencia, unha vez que o persoal traballador accidentado fora atendido, a empresa deberá porse en contacto coa mutua galega para que lle indiquen os pasos a seguir.

2. No resto de casos, *accidentes leves ou cando o/a traballador/a non requira asistencia urxente*, deberá acudir ao centro asistencial da mutua galega ou concertado máis próximo ao lugar do accidente.

Se descoñece a ubicación poderá chamar á liña asistencial 24 horas da Mutua Galega(900 825 525) ou pode consultar a [rede de centros](#) aquí.

MUFACE

MUFACE facilita a prestación de asistencia sanitaria aos mutualistas e a os seus beneficiarios a través dos concertos subscritos co Sistema Sanitario Público e coas Entidades de Seguro de Asistencia Sanitaria. Se o/a mutualista optou pola asistencia sanitaria concertada puido optar de entre diferentes entidades de seguro. Máis información presionando nos distintos enlaces:

- [ADESLAS](#)
- [ASISA](#)
- [DKV](#)
- [IGUALATORIO DE CANTABRIA](#)

Máis información: Consulte a carteira de servizos e centros médicos de cada entidade segundo sexa por cal optou o mutualista.



*** Asistencia médica**

A persoa accidentada é atendida no centro asistencial. Unha vez recibida a asistencia médica, obterá un parte que indicará se procede a baixa médica ou non.

.- Parte de asistencia sanitaria sen baixa: a persoa accidentada deberá incorporarse ao traballo o día seguinte.

.- Parte médico con baixa: a persoa accidentada deberá entregar o parte no servizo de persoal.

Cando sexa dada de alta deberá entregar o parte médico de alta no servizo de persoal e incorporarse ao traballo.


Aclaracións.-

.-Aínda que o persoal traballador acuda sen o talón, se lle deberá prestar igualmente a asistencia sanitaria que precise, non obstante deberase remitir pola empresa á MUTUA o antes posible.

.-Nos casos de accidente “**in itinere**” (os que sofra o persoal traballador de ida ou de volta ao lugar de traballo- Art. 156.2 a) non será necesario aportar o dito talón de asistencia. A empresa limitarase a certificar o horario laboral do/a traballador/a.



Protocolo de actuación para a asistencia .-





Procedemento MUFACE

Normativa reguladora

[A Orde APU/3554/2005, do 7 de novembro](#), pola que se regula o procedemento para o recoñecemento dos dereitos derivados de enfermidade profesional e de accidente en acto de servizo no ámbito do mutualismo administrativo xestionado por MUFACE.

Esta orde define o accidente en acto de servizo como *aquel que se produza con ocasión ou como consecuencia das actividades propias da prestación do servizo á administración, de acordo co especificado no 59.2 do Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo (Real Decreto 375/2003, de 28 de marzo)*.

O dito artigo 59.2 sinala que para a determinación dos supostos que neste réxime especial terán a consideración de accidente en acto de servizo ou consecuencia del, e para as presuncións aplicables ao respecto, estarase ao disposto no Réxime Xeral da Seguridade Social sobre o concepto de accidente de traballo, sen prexuízo das peculiaridades propias que resulten aplicables da prestación do servizo público.

A Orde [APU/3554/2005, do 7 de novembro](#), atribúe a competencia ao órgano de persoal, ou autoridade ou cargo público que en cada ámbito organizativo teña asignada directamente, ou por delegación a atribución para expedir ao mutualista afectado, as licenzas por enfermidade, en relación ao Decreto 4/2013, do 4 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O procedemento administrativo será o seguinte:

- Comunicación dirixida ao Departamento de Persoal do Servizo de Recursos Humanos da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria correspondente, achegando todos os documentos que considere relevantes e probatorios para o caso.
- O Departamento de Persoal competente en fase de dilixencias previas reunirá e completará a documentación que serva de base á proposta de resolución e unha vez completada a mesma, iniciará expediente de investigación do accidente, solicitando do Servizo de Prevención os informes correspondentes. O procedemento administrativo finalizará coa resolución declarativa precisa, que se comunicará ao mutualista e ao Servizo Provincial de MUFACE de adscrición do mutualista.

Parte de accidente en acto de servizo

**Parte de accidente*

Trátase do documento a utilizar polos órganos de persoal das distintas Administracións Públicas, con ocasión da iniciación do expediente de investigación ou averiguación de causas para notificar ao Servizo Provincial de MUFACE e ao Servizo de Prevención o accidente acontecido ao mutualista